

## NOTA EDITORIAL: Descripción deste número

Editores

Cad Aten Primaria  
Ano 2011  
Volume 18  
Páx. 174-174

No **Editorial** deste número a dirección de AGAMFEC opina sobre o sucedido este ano cos Obxectivos, o famoso Acordo de Xestión que tanta polémica provocou.

Tres **Orixinais**, un estudo descritivo das **actitudes dos profesionais de atención primaria fronte aos riscos laborais e como se modifican mediante unha acción formativa, un estudo das resistencias antimicrobianas en atención primaria nas infeccións urinarias**. Dous traballos ben elaborados, pertinentes e útiles e, finalmente nesta sección, como sempre, o informe de **Avaliación das comunicacións presentadas ás XVI Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria (Lugo 2011)**.

De seguido os **Relatorios e Comunicacións** (81 aceptadas) das XVI Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria.

Unha terceira pílula do **manual de urxencias, "ABCDE en Urgencias Extrahospitalarias"**, presentando neste número un manual sobre **electrocardiograma**. É un material atractivo, preparado para poder cortalo e telo no bolso da bata onde se considere. Un esforzo dos autores de pensar nun formato máis útil deste correcto e sintético material.

En **Habilidades e Terapéutica** neste número continuamos coa terceira parte, na serie do 061, do ilustrativo e docente **manexo dun paciente politraumatizado**, un novo caso, de elevada calidade, unha vez máis, da ecografía na sección de **Ecomatrix** coa resolución dun novo caso na web, e o inicio dunha serie de artigos sobre a resucitación cardiopulmonar, na que se presentan inicialmente as **Novidades na Reanimación Cardiopulmonar**.

**Alerta Bibliográfica con Impacto Clínico**, outra chamada de atención á nosa práctica clínica co título **Systematic review blood pressure target in chronic kidney disease and proteinuria as an effect modifier**. Upadhyay, Ashish; Earley, Amy; Haynes, Shana M; Uhlig, Katrin ANNALS OF INTERNAL MEDICINE. 2011;154: 541-548, que revisa ata onde hai que descender a presión arterial na insuficiencia renal crónica?.

En **Colaboración** editamos o documento de semFYC sobre **COPAGO**, tan de actualidade nestes días e probablemente no futuro próximo.

Continuamos coa sección **Casos Clínicos**, que non deixa de sorprender e resulta un foco excelente de formación.

Na sección **Espazo para o Debate** preséntase unha opinión sobre a **"Homeopatía: ciencia ou fraude"**, na que fala das bases científicas da mesma Pablo Vaamonde.

Continuamos tamén neste número coa sección de **Humanidades** onde se recolle o curioso e interesante artigo **"Alfonso XIII y Miguel Gil Casares: En los inicios de la Radiología en Compostela"**, así como se presenta unha recensión do libro **"Dr. Ángel Baltar Cortés (1868-1934). Maestro de Cirujanos"**, escrito por Fernando J. Ponte Hernando, colaborador de Cadernos de Atención Primaria na sección de Humanidades, e a **terceira entrega**, da serie, coordinada por Pablo Vaamonde, moi valiosa e dedicada á recuperación de feitos, personaxes e organizacións relacionados coa sanidade, que forman parte da nosa **memoria histórica** e titulada neste número **Os nomes do exilio (médico, republicano, galego)** elaborado por David Simón.